

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 31 de maio de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.39 horas do día trinta e un de maio de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(620).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións: ordinaria do 16 e extraordinaria e urxente do 19 de maio de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(621).- CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1688/14, 1173/5 E 493/21.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-propostas da traballadora social Responsable do Programa, do 20 e 24.05.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas

- D. Domingo López Lago. Expte. 1688/14.
- D. Segundo Alonso Costas. Expte. 1173/5.
- D^a Daria Fernández Vázquez. Expte. 493/21.

3(622).- PADRÓN FISCAL, EXACCIÓN S UNIFICADAS DE INDUSTRIAIS CORRESPONDENTES Ó ANO 2011. EXPTE. 42404/516.

Dáse conta da aprobación do Padrón Fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais, pola Concelleira de Economía e Facenda, a proposta da técnica adxunta á Dirección de Ingresos e da Directora de Ingresos, de data 25.05.2011, coa toma de razón do Interventor Xeral, que di o seguinte:

“A partir dos rexistros contidos no Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2010, a Administración de Tributos elaborou o presente padrón fiscal do ano 2011, tomando en consideración os seguintes motivos de variación:

- declaracións de alta formuladas polos suxeitos pasivos a través de solicitudes de licencias de Actividades e Instalacións.
- comunicacións de cambios de titularidade de actividades.
- declaracións de baixa de actividades.
- recursos de reposición formulados contra recibos e liquidacións do ano 2010 e anteriores.
- rectificacións de oficio de datos relativos a locais, actividades e suxeitos pasivos a través de informes tanto de Inspección de Tributos como da Base de datos de contribuíntes.
- Inclusión de oficio de novos contribuíntes a partir de información extraída do Matricula do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Actuacións extensivas de carácter inspector conforme ao plan de control tributario para o ano 2011.

A comparación de número de inscricións deste Padrón Fiscal entre 2009, 2010 e 2011 arroxa os seguintes datos:

2009	% INC	2010	% INC	2011
21.183	-2.55%	20.643	-1,79%	20273

A comparación dos importes totais dos exercicios mencionados arroxa os seguintes resultados:

CONCEPTO	2009	% INC	2010	% INC	2011
----------	------	-------	------	-------	------

TOTAL	6.960.062,96	-4.12%	6.672.896,14	-1,99%	6.540.080,72
RECOLLIDA DO LIXO	5.646.814,52	-5.60%	5.330.244,25	-3,35%	5.151.643,73
ENTRADA VEHÍCULOS	1.281.471,84	2.27%	1.310.670,09	3,87%	1.361.391,94
RESERVA APARCAMENTO	31.776,60	0.64%	31.981,80	-15.44%	27.045,05

Á vista do anterior, **PROPONSE A CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**, en virtude de decreto de delegacións da alcaldía de xullo de 2007 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral, **A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

“1.- **Aprobar o Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2011** (taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva de aparcamento) por importe total de **6.540.080,72.- Euros (SEIS MILLÓNS QUINIENTOS CUARENTA MIL OITENTA EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS)** segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 35179 que figura a nome de JUAN COMESAÑA E HIJOS S.L. polo establecemento sito en CM ABADE (CORUXO) Nº 4 e remata coa inscrición nº 40660 que figura a nome de CONDE NOVOA CARMEN polo establecemento sito en R/ ZARAGOZA nº 62, cun total de 20.273 recibos e correspondendo a:

- taxa de lixo industrial 5.151.643,73.- Euros
- entrada vehículos 1.361.391,94. - Euros
- reservas aparcamento 27.045,05.- Euros

2. **Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral”

3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

4(623).- PADRÓN FISCAL, DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO VIVENDAS CORRESPONDENTE Ó ANO 2011. EXPTE. 38860/513.

Dáse conta da aprobación do Padrón Fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais, pola Concelleira de Economía e Facenda, a proposta do xefe do servizo de Admón. de Tributos e da Directora de Ingresos, de data 10.05.2011, coa toma de razón do Interventor Xeral, que di o seguinte:

“Partindo dos rexistros contidos no Padrón fiscal de Recollida de lixo do exercicio fiscal 2010, a Administración de Tributos elaborou o presente padrón fiscal do ano 2011, tendo en conta os seguintes datos:

- Cambios de titularidade introducidos na base de datos catastral ata maio 2011.
- Cambios de titularidade realizados a partir das autoliquidacións presentadas para os efectos do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

1. Altas de novas construcións introducidas na base de datos catastral ata maio 2011.

1. Altas realizadas directamente por esta administración tributaria, baseadas nos informes emitidos polo Departamento da Inspección de Tributos, e nas comprobacións e comparativas efectuadas polo Negociado de Lixo de Vivendas.

1. Recursos de reposición interpostos contra recibos e liquidacións do exercicio 2010 e anteriores.

1. Solicitudes presentadas polos cidadáns respecto de exencións e bonificacións.

Da comparación do número de inscricións deste Padrón Fiscal respecto dos exercicios 200 e 2011 se desprenden as seguintes porcentaxes:

2009	% INC	2010	% INC	2011
136.147	1,26%	137.872	1,55%	140,022

Así mesmo, da comparativa dos importes totais dos devanditos exercicios fiscais se desprenden os seguintes resultados:

2009	% INC	2010	% INC	2011
10.207.652,59	1,02%	10.312.009,43	3,17%	10.639.680,98

Á vista do anterior, PROPONSE A CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, en virtude de decreto de delegacións da alcaldía de xullo de 2007 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2011, por un importe total de 10.639.680,98.- Euros, (DEZ MILLÓNS SEISCENTOS TRINTA E NOVE MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS, CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS), que consta de 140.022 inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D^a MARIA CARMEN FERNANDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.

2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.
3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

5(624).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE MODERMUSIC. EXPTE. 7794/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e RR.PP., do 12.05.11, conformado pola concelleira delegada de Facenda, e co informe do Interventor Xeral do 23.05.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

“**Primeiro.-** Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figura na factura seguinte:

	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	MOTIVO
MODERNMUSIC TV S.L	111	27/03/11	52.134,76	Concerto Luz Casal

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de “Modernmusic TV S.L B-27751049”, por importe de 52.134,76 euros IVE incluído.

6(625).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 15.05.2011, REFERENTE A ENCOMENDA DE FUNCÍONS Á SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 1315/110.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 15.05.2011, que di o seguinte:

“Dende hai máis de un ano dende o Concello de Vigo véñense desenvolvendo distintas iniciativas de mellora e modernización administrativa incardinando as mesmas na implantación dun modelo de xestión baseado na innovación e na calidade. A tal efecto o Concello integrouse no grupo de traballo de modernización e simplificación administrativa da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), na Comisión Galega de validación e adaptación telemática de procedementos da Administración local para a tramitación electrónica, entre outros, tendo unha posición activa nas distintas iniciativas que nesta liña se adoptan dende outras administracións, ao tempo que, con

carácter interno, tense iniciado un programa de mellora de procesos dende a óptica da simplificación e modernización administrativa, que abrangue importantes áreas de xestión. Como expoñente do novo modelo de xestión a implantar o Concello de Vigo tense adherido por acordo plenario de data 28 de febreiro de 2011 a Carta de Compromiso coa calidade das Administracións Públicas.

Ditas iniciativas véñense desenvolvendo, dende o punto de vista administrativo, dende a Secretaría Xeral do Concello, á que lle son encomendadas ditas tarefas por esta Alcaldía, en atención á competencia profesional dos titulares dos postos de habilitación estatal, e ao carácter transversal de dito departamento que permite promover accións de mellora na organización e funcionamento dos servizos municipais, así como impulsar a adopción e implantación de medidas innovadoras no modelo de xestión, e o correspondente control e seguimento en termos de avaliación na calidade do servizo público.

Por outra banda, o Concello de Vigo, dada a multitude de servizos que se prestan, que van máis alá dos estritamente impostos con carácter obrigatorio pola lexislación sobre réxime local, necesita dotarse dunha normativa municipal propia na que se regulen as peculiaridades organizativas e funcionais de ditos servizos, así como de diversa normativa cuxa existencia ven determinada pola regulación estatal e autonómica. Sen prexuízo do réxime disposto para a normativa de carácter fiscal cuxa responsabilidade ven encomendada á Dirección de Ingresos, que exerce dita responsabilidade en termos plenamente satisfactorios para a súa aplicación e execución, non existe na relación de postos de traballo municipal un servizo ou posto que teña encomendada dita responsabilidade con carácter xeral.

Sendo así a situación actual resulta necesario, dende un punto de vista organizativo municipal, residenciar dita responsabilidade nun servizo municipal, servizo que polo seu perfil profesional xurídico parece idóneo residenciar na Secretaría Xeral, como o amosa a súa representación no Comité Estatal para a Mellora da Regulación, existindo en dito servizo un posto de recente creación, Secretario de Administración Municipal, ó que resulta posible asignar funcións complementarias, como é a Dirección Normativa Municipal, que polo seu perfil competencial resulta o máis idóneo, correspondéndolle o seguimento normativo, instando a aprobación ou modificación da normativa municipal que resulten necesaria para a súa adaptación coa normativa vixente en cada momento e coa conxuntura social e económica, dende un punto de vista integrador dos distintos servizos municipais promotores dos distintos expedientes.

A responsabilidade da Dirección Normativa Municipal conleva a necesaria supervisión e, de ser necesario, informe dos proxectos normativos municipais con carácter previo ao seu sometemento aos órganos municipais competentes, así como a coordinación nos instrumentos que se diten na súa execución, garantíndose unha liña de traballo homoxénea na materia.

Dende un punto de vista da eficacia e eficiencia administrativa e dentro do marco actual de austeridade e contención do gasto público resulta conveniente optimizar os recursos cos que conta esta administración municipal maximizando o contido das funcións a desenvolver polos postos de especial cualificación técnica polo que en execución das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVO

Primeiro.- Dispoñer que pola Secretaría de Administración Municipal, e de xeito complementario ao seu contido propio, se exerza a máxima responsabilidade municipal, dende o punto de vista administrativo, en materia de Dirección Normativa Municipal e Innovación e Calidade.

Segundo.- Residenciar na Secretaría de Administración Municipal, D^a M^a Concepción Campos Acuña, as funcións de máxima responsabilidade da Dirección Normativa Local, salvo ó referente á normativa fiscal cuxa responsabilidade corresponde á Dirección de Ingresos.

Terceiro.- Residenciar na Secretaría de Administración Municipal, D^a M^a Concepción Campos Acuña, as funcións de máxima responsabilidade da Innovación e Calidade no Concello de Vigo, sen prexuízo das competencias propias do ámbito funcional e material do Servizo de Administración Electrónica en materia de xestión tecnolóxica.

Cuarto.- Para o desenvolvemento de ditas funcións os órganos e servizos municipais deberán prestar a colaboración necesaria que sexa requirida.

Quinto.- Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre, ordenando a súa publicación na intranet municipal.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

7(626).- SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN 2011. EXPTE. 63152/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da responsable de Planificación do servizo de Benestar Social, do 25.05.11, conformado polo xefe de área de Benestar Social e pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobe a la solicitude de subvención proposta polo departamento de Benestar Social, a través da oficina de inmigración, por un importe total de 149.500.- € € RESOLUCIÓN do 27 de abril de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. Dito importe esta desagregado por eixes que ten os importes parciais seguintes:

1. Eixe de acollida 44.000,- €
2. Eixe de educación 45.000.- €
3. Eixe de emprego: 27.000.- €,
4. Eixe de infancia e xuventude: 13.500
5. Eixe muller : 20.000.-€”

8(627).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN EN PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DE INGRESOS MUNICIPAIS EN MATERIA DE TRÁFICO. EXPTE. 10075/541.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 19.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- 1º.- SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.
- 2º.- GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.L.
- 3º.- COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A.
- 4º.- ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, S.A.

Segundo.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar , SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 1.460, 40 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

9(628).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE COLABORACIÓN CO SERVIZO MUNICIPAL DE XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA. EXPTE. 899/500.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 24.05.11, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 24.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º “Adxudicar á Servizos de Colaboración Integral, S.L. o procedemento aberto para a contratación do Lote A zona Leste do servizo municipal de xestión catastral delegada e colaboración co servizo de administración electrónica para apoio no desenvolvemento de aplicativos, bases de datos e expedientes xeoreferenciados (expediente 899- 500) por un prezo total de 697.380 euros e cunha baixa porcentual única para os prezos unitarios fixados no apartado 8.5 das FEC do 10%.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º “Adxudicar á Longo Ansa y Asociados, S.L. o procedemento aberto para a contratación do Lote B zona Oeste do servizo municipal de xestión catastral delegada e colaboración co servizo de administración electrónica para apoio no desenvolvemento de aplicativos, bases de datos e expedientes xeoreferenciados (expediente 899- 500) por un prezo total de 697.380 euros e cunha baixa porcentual única para os prezos unitarios fixados no apartado 8.5 das FEC do 10%.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.””

10(629).- AUTORIZAR A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS A ORGANIZAR A 47ª EDICIÓN RALLYE RIAS BAIXAS-VODAFONE GRAN PREMIO-TURISMO DE VIGO, OS DÍAS 3 E 4 DE XUÑO. EXPTE. 10412/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.05.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a Escudería Rías Baixas, a organizar os vindeiros días 3 e 4 de xuño de 2011, a **47ª EDICIÓN RALLYE RIAS BAIXAS – VODAFONE GRAN PREMIO – TURISMO DE VIGO**, dito evento se levará a cabo nas inmediacións da rúa do Príncipe (Porta do Sol) os días 4 de xuño dende as 18.30 horas ata as 22.30 horas e o sábado 4 de xuño, dende as 20.00 horas ata as 01.00 horas “.

11(630).- PROMOVER ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR A CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO DO PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO “ASESORÍA TÉCNICA IMAX, S.L.” EXPTE. 8277/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 19.05.11, conformado polo concelleiro da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado **“ASESORÍA TÉCNICA IMAX, S.L.”**, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:
 - Apoio pola Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
 - Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
 - Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
 - Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

12(631).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2011 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS. EXPTE. 8172/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 14.04.11, conformado polo concelleiro da área, co informe do letrado asesor do 12.05.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 19.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Reguladoras e a Convocatoria do ano 2011 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, no marco do Plan Municipal de Emprego 2008-2011, que se achegan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 100.000€ (CEN MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida orzamentaria 2410 470.00.00 "Programas de axuda á inserción laboral".

TERCEIRO.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación e execución das Bases Reguladoras e convocatoria do ano 2011 do programa de axudas municipais á creación de empresas..

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2011 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS

Base 1ª.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.- Finalidade

1.2.- Beneficiarios/as

- 1.3.- Requisitos xerais dos beneficiarios/as
- 1.4.- Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables
- 1.5.- Criterios de avaliación
- 1.6.- Alteración das condicións de concesión das axudas

Base 2ª.- EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª.- COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 3.1.- Instrución e tramitación das axudas
- 3.2.- Comisión de Valoración e Seguemento

Base 4ª.- SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 4.1.- Solicitudes
- 4.2.- Obrigas e prazo

Base 5ª.- CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª.- PUBLICIDADE

- 6.1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.
- 6.2.- Publicidade das subvencións concedidas.
- 6.3.- Publicidade do financiamento público.

Base 7ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Base 8ª.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES

Base 9ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Base 10ª.- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Base 11ª.- DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

- ANEXO I.- Impreso de solicitude das axudas .
- ANEXO I bis.- Documentación para presentar.
- ANEXO II.- Ficha de solicitude de transferencia bancaria.
- ANEXO III.- Declaración xurada das axudas solicitadas ou percibidas.
- ANEXO IV.- Declaración de aceptación das actuacións de comprobación e seguimento.
- ANEXO V.- Memoria xustificativa do proxecto empresarial.
- ANEXO VI.- Declaración de non estar incurso na prohibición para obter a condición de beneficiario/a de axudas.
- ANEXO VII.- Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego.
- ANEXO VIII.- Relación de facturas presentadas.
- ANEXO IX.- Relación de facturas xustificadas.
- ANEXO X.- Relación doutros ingresos ou subvencións que financien as actividades subvencionadas.
- ANEXO XI.- Declaración xurada do perceptor.

Base 1ª.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.- Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convoca-la concesión, para o ano 2011, das Axudas Municipais para o Fomento da Creación de Empresas no ámbito do Concello de Vigo. Este programa de axudas enmárcase no *Plan Municipal de Emprego 2008–2011* que o Concello de Vigo pon en marcha, dende a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no Concello de Vigo apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.2.- Beneficiarios/as

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, que tivesen iniciado a súa actividade empresarial entre o 1 de xuño de 2010 e o 31 de maio de 2011 (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.). Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

1.3.- Requisitos xerais dos/as beneficiarios/as

- Desenvolver a actividade e ter o seu enderezo fiscal e social en Vigo.
- Estar en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear alomenos o seu propio posto de traballo, en calquera das formas xurídicas existentes sempre e cando se cumpra cando menos a súa pertenza a un dos colectivos seguintes:
 - persoas paradas de longa duración (1)
 - maiores de 45 anos
 - mozos/as ata 30 anos
 - mulleres
 - persoas discapacitadas
 - persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social (2)

No caso de seren varios promotores/as, é preciso que como mínimo o 50% do capital da empresa sexa de titularidade de persoas en situación de desemprego e, ademais pertencer a algún dos colectivos citados.

- Que sexan empresas de nova creación –considerando incluídos en tal concepto os traspasos de negocios– sin que se admitan as empresas procedentes da transformación da forma xurídica nin os supostos de sucesión de empresa familiar.
- Que a empresa sexa viable técnica, económica e financeiramente.
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin co Concello de Vigo.
- Que non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.
- Non ter percibido subvencións ao abeiro do programa de “Axudas Municipais á Creación de Empresas” do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.
- Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(1) *Considéranse parados/as de longa duración aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se fosen maiores de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25.*

(2) *Considéranse colectivos en risco ou situación de exclusión social os seguintes:*

- ❖ Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.*
- ❖ Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.*
- ❖ Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.*
- ❖ Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.*
- ❖ Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.*
- ❖ Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.*
- ❖ Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixiada e os ex- reclusos/as.*
- ❖ Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.*
- ❖ Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.*
- ❖ Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.*
- ❖ Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.*

1.4.- Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. **O importe máximo destas axudas será de 3000€** e non poderá superar os límites que estas bases establecen para cada un dos conceptos considerados obxecto de subvención, nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Os **gastos** que poderán ser **subvencionables, correspondentes ós dous meses anteriores e ós dous meses posteriores ao inicio da actividade**, son os seguintes:

a) Gastos de constitución e apertura

Serán susceptibles de subvención no 50%, e cun máximo de 1000,00€, aqueles gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa, tales como:

- a1- visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2- licenza de obra e licenza de apertura
- a3- alta no Rexistro Mercantil
- a4- certificación negativa do nome da sociedade
- a5- honorarios de notaría por escrituras públicas
- a6- publicación no BORME

b) Existencias iniciais de mercadorías

Inclúe a adquisición de primeiras compras de mercadorías, ademais das compras de materias primas e outros consumibles utilizados no proceso de produción.

A subvención máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante o período indicado, cun tope de 1500€.

c) Gastos de arrendamento de locais

A axuda máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante o período indicado, cun tope de 1900€.

d) Subministracións e gastos correntes

Son subvencionables os seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- d1- auga
- d2- teléfono
- d3- electricidade
- d4- gasóleo / gasolina
- d5- material de oficina
- d6- asesoría

A subvención máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante o período indicado, cun tope de 1300€.

e) Primas de seguros

Serán subvencionables os gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. A subvención máxima neste apartado será do 50% da contía total no conxunto de primas, cun tope de 300€.

f) Dereitos de propiedade industrial

Son subvencionables no 50%, e cun máximo de 100€, os seguintes gastos de rexistro de:

- f1- patentes
- f2- modelos de utilidade
- f3- deseño industrial
- f4- marcas de produtos ou servizos
- f5- nomes comerciais
- f6- dominio en Internet

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

1.5.- Criterios de avaliación

A concesión de axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprendedores/as incluídos na base de datos do Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

Empresas constituídas por emprendedores/as incluídos na base de datos do <i>Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo</i> .	2 ptos
--	--------

2. A situación social do colectivo beneficiario indicado no punto 3 da Base 1ª (ata 8 puntos).

Esta puntuación será valorada na medida na que se coñeza que os/as socios/as promotores/as sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Mulleres
- Discapacitados/as

Por cada condición que reúna	2 ptos
------------------------------	--------

3. Número de postos de traballo creados por conta allea de seis ou máis meses de duración (incluídos os dos propios promotores/as) (ata 10 puntos).

Por cada emprego creado	2 ptos
-------------------------	--------

No caso de xornadas parciais puntuarase por metade.

4. Antigüidade no desemprego dos/as promotores/as e/ou dos/as contratados/as (ata 10 puntos).

Menos de 3 meses	3 ptos
De 3 a 6 meses	5 ptos
De 6 a 12 meses	8 ptos
Máis de 12 meses	10 ptos

5. Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego (*Anexo VII*) (ata 10 puntos).

Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego	2 ptos
---	--------

No caso de concorrencia de dous ou máis conceptos nunha mesma empresa só se computará o máis alto.

6. Que as persoas promotoras estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 10 puntos).

No caso de estar empadroada algunha das persoas promotoras	2 ptos
--	--------

7. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa

Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa	1 pto
---	-------

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación dos citados criterios, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:

Terán preferencia as solicitudes que acaden unha puntuación máis alta no número de postos de traballo creados e no caso de persistencia da igualdade de puntuación terase en conta a antigüidade no desemprego dos/as promotores e das persoas contratadas.

1.6.- Alteración das condicións de concesión das axudas

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados dende a data da resolución de concesión. A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá no prazo dun mes dende a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorrera un ano dende o inicio da actividade empresarial será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, salvo tamén causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximara substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal apreciase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

Base 2ª.- EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- α) O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.
- β) Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 100.000€ nun período de dous anos para o mesmo/a beneficiario/a.

Base 3ª.- COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1.- Instrución e tramitación das axudas

- O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarase en réxime de concorrència competitiva (a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de valoración recollidos no apartado 1.5).
- A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, proporalle a concesión e denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.
- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo seralles notificado a todos/as os solicitantes.

3.2.- Comisión de Valoración e Seguimento

Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e Seguimento das subvencións concedidas, que estará composta por:

- Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.
- Xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego.
- Dous/Dúas técnicos/as do Servizo de Promoción Económica e Emprego.

Dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo. O Xefe do servizo actuará como secretario.

A Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo, levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión de valoración e seguimento e a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá poderán requirirlle aos/ás empresarios/as e/ou as pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 4ª.- SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

4.1.- Solicitudes

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (*Anexo I e Anexo I bis*), presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes dirixiranse á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e

deberán ir **acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada previamente no Servizo de Promoción Económica e Emprego do concello- 4ª planta):**

- No caso de persoas xurídicas:
 - CIF da empresa.
 - DNI ou NIF e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude.
 - Copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
- No caso de profesionais autónomos: DNI.
- No caso de sociedades civís e comunidades de bens: CIF da sociedade e contrato de constitución.
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as.
- No caso de que se xustifique contratación:
 - DNI e vida laboral das persoas traballadoras contratadas.
 - Contrato/s de traballo, debidamente rexistrado/s na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego (SPE).
 - Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras.
- Solicitude de licenza de apertura e licenza de obras, cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.
- Copia compulsada das facturas dos gastos para os que se solicitou a subvención.
- Relación das facturas presentadas relacionadas cos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, punto 4 (*Anexo IX*).
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as.
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (*Anexo II*).
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou percibidas e das que se van solicitar para esta actividade en concreto (*Anexo III*).
- Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación do Concello de Vigo que acorde a Comisión de Valoración e Seguimento (*Anexo IV*).
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial debidamente cuberta cunha previsión a 3 anos (*Anexo V*).
- Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (*Anexo VI*).
- De ser o caso, certificado de discapacidade ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente, en grao total ou gran invalidez.
- De ser o caso, documentación acreditativa da pertenza a colectivos en risco ou situación de exclusión social.
- Certificados ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de 10 días subsane a falla ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, se lle tendrá por desistido da súa solicitude, arquivándose ésta previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos na [Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común](#).

4.2.- Obrigas e prazo

Dacordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán **obrigas da empresa beneficiaria:**

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como fronte á Seguridade Social.
- Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 1 de agosto de 2011.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

Base 5ª.- CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.
2. O prazo para resolver será, como máximo, de catro meses dende o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

Transcorrido o devandito prazo de catro meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento notificarase ós solicitantes no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mês, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días (naturais) a contar desde o seguinte ao da notificación a comunicar á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada.

2. Unha vez concedidas as axudas ou subvencións, faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas a presentación da seguinte documentación:

- a)** Unha relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación (*Anexo IX*).
- b)** Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
 - Número e no seu caso serie.
 - Nome e apelidos ou denominación fiscal.
 - Número de identificación fiscal (NIF ou CIF).
 - Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura).
 - Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
 - Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impoñible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.
 - Lugar e data de emisión.
 - Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Promoción Económica e Emprego, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (*Anexo X*).

d) Declaración xurada do perceptor (*Anexo XI*), acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade social (conforme ao estipulado no art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia).
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

e) Fotografía do cartel informativo da subvención que será suministrado polo servizo de Promoción Económica e Emprego.

O **prazo** para a presentación desta documentación será de **10 días naturais** contados a partir da data na que se notifique a concesión das correspondentes axudas.

O servizo xestor, Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que tramita a concesión levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguemento do mantemento das condicións ou tratamento da subvención no prazo de dous anos esixidos.

Base 6ª.- PUBLICIDADE

6.1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2011 do “Programa de axudas municipais á creación de empresas”, enmarcado dentro do Plan municipal de emprego do Concello de Vigo publicárase no correspondente diario oficial, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local; as antecitadas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaríanse na Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá (Casa do Concello – 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

6.2.- Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Os/as solicitantes ás/aos que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual a 3000€, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

As bases reguladoras desta convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaríanse nas dependencias de información do Concello de Vigo, e na Concellería de

Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e tamén na páxina web www.vigo.org_do_concello.

6.3.- Publicidade do financiamento público.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo. O cartel será subministrado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego.

Base 7ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concurrencia dos requisitos necesarios para obter as ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Base 8ª.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

6. Pérdida do dereito ao cobro:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

7. Renuncia:

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

8. Nulidade, reintegro, infracción e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Base 9ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aprobou o seu regulamento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 10ª.- DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1.- Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaráse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.00 "Programas de axudas á inserción laboral" do presuposto municipal para o ano 2011, cun importe total de 100000€.

2.- Segunda

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumprarán as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "mínimis".

Base 11ª.- DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor a data seguinte á da súa aprobación en Xunta de Goberno Local. As solicitudes correspondentes poderán presentarse a partir da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

13(632).- PRÓRROGA DA CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 4997/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 23.05.11, conformado pola concelleira delegada da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar unha prórroga da cesión temporal da vivenda municipal, identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C008 e integrada na rede municipal de vivendas de protección para mulleres en situación de violencia de xénero, por un período máximo de 2 meses de duración, con efectos desde o día 23 de maio de 2011, atendendo ás circunstancias que obran no expediente 4997/224.”.

14(633).- INCOACIÓN DE NOVO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN CONSERVANDO AS ACTUACIÓNS PRACTICADAS ATA A PRESENTE DATA, PARA O SUBMINISTRO DE ELEMENTOS VEXETAIS. EXPTE. 5891/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 20.05.11, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Modificar o apartado 2º do punto 8 do acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2011 neste senso:

“2º.- Incoar un novo procedemento de licitación conservando as actuacións practicadas ata a presente data no expediente 5891/446 por razóns de economía procesual”.

2º.- Conservar as ofertas presentadas no Rexistro xeral deste Concello.

15(634).- PROXECTO CONSTRUTIVO DE CANALIZACIÓN DE AUGAS PLUVIAIS NO CENTRO CÍVICO DE CORUXO. EXPTE. 5280/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 20.05.11, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto construtivo de canalización de augas pluviais no Centro Cívico de Coruxo, que se achega no expediente.

16(635).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XGL DE 4.04.2011. EXPTE. 34726/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do adxunto xurídico da Policía Local, do 25.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Desestimar o recurso de reposición (doc. 110051470) presentado por D. José Manuel Vázquez Varela contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de 04 de abril de 2011 (Expte: 34637-212), polo que se solicita o cambio de instrutor do expediente disciplinario seguido contra o recorrente e outros.

2º.- Ordenar a continuación do expediente disciplinario na forma legalmente establecida.

17(636).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2011. EXPTE. 22038/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.05.11, conformado pola xefa de servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 18.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Abril-2011 e que ascenden a un total 733’20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

18(637).-GASTOS LOCOMOCIÓN PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2011. EXPTE. Nº 22048/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 16.05.11, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 20.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar o gasto por un importe de **8.745,78 €**, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Jesús M. Garrido Marcos e que remata en D. Luis Felipe Comesaña Arribas-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, para o período abril 2011.”

	SERVIZO	TOTAL
1620	Limpeza	439,85 €
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	3.453,36 €
9222	Parque Móbil	229,67 €
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	230,29 €
1640	Cemiterios	172,71 €
2220	Mobilidade, Seguridade e Transportes	627,00 €
9310	Inspección de Tributos	2.516,74 €
1210	Conserxería	858,04 €
9226	Patrimonio e Contratación	218,12 €
	TOTAL	8.745,78 €

19(638).-CONCESIÓN AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. 22041/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 9.05.11, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 18.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 08/04/2011, por un importe total de 2.687,00 € (DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA E SETE EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos empregados/as públicos municipais que se indican- segundo relación contida no cadro anexo- cos importes que no mesmo se especifican:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Codesido Rodríguez, José Felipe	36081823	19399	272,00 €
Expósito Olalla, Lidia	36089121	80478	172,00 €
Rodríguez Rey, Enrique	36000962	8332	2.072,00 €
Vázquez Pazó, Modesto	36063855	77034	171,00 €
SUMA TOTAL			2.687,00 €

20(639).-DECLARACIÓN DE SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. JULIO LÓPEZ DOSÍO E D. FELICIANO ALVAREZ MÍGUEZ. EXPTE. 22024/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 10.05.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

“**Primeiro.-** Declarar a situación administrativa de xubilación forzosa do funcionario municipal **D. JULIO LÓPEZ DOSÍO con data de efectos 09/06/2011**, con nº de persoal 9082, con posto de traballo de INSPECTOR DE MOBILIDADE E SEGURIDADE (pto. 254), grupo C2, adscrito ao Servizo de MOBILIDADE, TRANSPORTE E SEGURIDADE, e do empregado municipal **D. FELICIANO ÁLVAREZ MÍGUEZ con data de efectos 14/06/2011**, con nº de persoal 78008, con posto de traballo de VIXIANTE DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (pto. 218), grupo E, adscrito ao Servizo de EDUCACIÓN, en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

21(640).-SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DA FUNCIONARIA D^a CARMEN MARÍA SANZ ALONSO. EXPTE. 22056/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 23.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a D^a CARMEN MARÍA SANZ ALONSO, NIF 36.063.965-B e núm. persoal 22125, auxiliar de administración xeral adscrita á Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes, un permiso sen soldo por asuntos persoais, no período comprendido entre o 07 e o 21 de xullo de 2011 -ámbolos dous incluídos-, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

22(641).-SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DO FUNCIONARIO D. PEDRO DÍAZ JUSTO. EXPTE. 22059/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 24.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a D. PEDRO DÍAZ JUSTO, con NIF nº 58.174.618-K e núm. persoal 78750, policía local deste Concello, permiso sen soldo por asuntos persoais, nos seguintes períodos de 15 días cada un: do 09 ao 23 de xuño e do 30 de xuño ao 14 de xullo de 2011, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

23(642).-COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2011. EXPTE. 22034/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.05.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 18.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de abril de 2011, e que ascenden a un total de 1.223’04 €, con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

24(643).-GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2011. EXPTE. 22035/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.05.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 18.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de ABRIL-2011, e que ascenden a un total de 649’46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

25(644).-DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2011. EXPTE. 22036/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.05.11, conformado pola xefa do

servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 18.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Abril	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	679,38	127,84	807,22
Alcaldía (oficina)	Abril	Abalde Comesaña, Raquel	176,88	10,88	187,76
Limpeza	Abril	Arango Fernández, Luciado a Lago Lago, José	542,70	421,60	964,30
Policía Local	Abril	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	57.029,09	29.715,08	86.744,16
Parque Central	Abril	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	1.242,18	734,40	1.976,58
Parque Móbil	Abril	De Alonso González, Angel a Vulcano Ferreyra, J. Genaro	1.175,85	1.000,28	2.176,13
Tenencia Alcaldía	Abril	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	321,60	76,16	397,76
Desinfección	Abril	De Pardellas Aviión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	265,32	239,36	504,68
Vías e Obras	Marzo	De Amoedo Mosquera, José Luis a Fernández González, Miguel A.	108,54	0,00	108,54
Extinción Incendios	Abril	De Carballo Leiros, José a Veiga García, Rubén	647,22	5,44	652,66
Cemiterios	Abril	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.797,96	0,00	2.797,96
IMD	Abril	De Rodriguez Presas, Julio	204,02	24,48	228,50
Montes, Parques e Xardíns	Abril	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.511,52	734,40	2.245,92
Electromecánicos	Marz/Abril	De Arias Rodríguez, Dámaso	180,90	780,64	961,54
		TOTAL	66.883,15	33.870,56	100.753,71

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 100.753,71 €, con carga a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIONES.”

26(645).-SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DA FUNCIONARIA Dª ARANZAZU GONZÁLEZ MOSQUERA. EXPTE. 22060/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 24.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a D^a ARANZAZU GONZÁLEZ MOSQUERA, con NIF nº 20.172.895-D, e núm. persoal 77173, administrativa de administración xeral, un permiso sen soldo por asuntos persoais, polo período dun mes (do 01 ao 31 de xullo de 2011), de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

27(646).-DAR CONTA RESOLUCIÓN DEIXANDO SEN EFECTO REDUCIÓN DE XORNADA DA FUNCIONARIA D^a SILVIA TABOADA GONZÁLEZ. EXPTE. 22065/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro da área de Xestión Municipal, de data 24.05.2011, co dou fe do secretario do Goberno Local, que di o que segue:

“Visto o escrito de data 20 de maio de 2011 (doc. nº 110074671), de D^a Silvia Taboada González, (nº persoal 79158) auxiliar administrativa adscrita ao Servizo de Asesoría Xurídica, solicitando deixar sen efecto a redución de xornada autorizada por resolución de data 7 de setembro de 2010.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

Deixar sen efecto a partir do día 15 de xuño de 2011, a redución de xornada solicitada por D^a Silvia Taboada González, núm. persoal 79158, auxiliar administrativa adscrita ao Servizo de Asesoría Xurídica, debendo percibir a partir do dito día as súas retribucións íntegras.

A presente resolución notifíquese á interesada, titular do Servizo, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos, e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

28(647).-ASIGNACIÓN COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE ALGUACIIS NOTIFICADORES. EXPTE. 21839/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 16.02.11, conformado pola xefa do servizo de RR.HH., e co informe do técnico de Intervención do 2.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Outorgar aos empregados municipais D Fernando Fernandez Amil, con n de persoal 13706, Dª Maria Fatima Lamas Gonzalez, con de persoal 80564 e D Julio M Yañez Rodriguez , con nº de persoal 17822, adscritos a postos de alguacil notificador, complemento retributivo que se fixa na cantidade de 710.92€, para cada un deles, o que supón un total de 2132.76€ con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade”.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 2132.76€, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000, a favor dos empregados municipais D Fernando Fernandez Amil, con n de persoal 13706, Dª Maria Fatima Lamas Gonzalez, con de persoal 80564 e D Julio M Yañez Rodriguez , con nº de persoal 17822

29(648).-COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE PERSOAL ALCALDÍA. EXPTE. 21992/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 18.04.11, conformado pola xefa do servizo de RR.HH., e co informe do técnico de Intervención do 10.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións descritas no informe de data 3 de marzo de 2011, que figura no expediente:

NOME	CONTÍA
Dª Marta González Torres	1.080€
Dª Rosa Teresa Vázquez Alvarez	1.080€
Dª Susana Pena García	1.200€
Dª Eva Pereira Fontán	2.700€
Dª Raquel Abalde Comesaña	3.200€

- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de **9.260€** en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade

Dese traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

30(649).-AUTORIZACIÓN A SPM “CONSULTORES AMBIENTALES, S.L.” PARA RESPONSABILIZARSE DA INTRODUCCIÓN, MODIFICACIÓN OU CONSULTA DE

DATOS NA AMPLIACIÓN SIRGA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE EN REPRESENTACIÓN DO CONCELLO. EXPTE. 920/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 26.05.11, conformado polo xefe da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a SPM “Consultores Ambientales, S.L.” con CIF B-36834018 para en nome e representación deste Concello responsabilícese da introdución, modificación ou consulta de datos na aplicación informática S.I.R.G.A (Sistemas de Información de Residuos de Galicia) da Consellería de Medio-Ambiente, Territorio e Infraestruturas e, en consecuencia, podan exercer por vía telemática as seguintes facultades:

- Presentar as notificacións previas de traslados de residuos perigosos.
- Comunicar os referidos traslados e presentar os correspondentes documentos de control.
- En xeral, realizar calquera dos actos que sexan necesarios ou convenientes para o exercicio das facultades concedidas.

Segundo.- A representación deberá exercitarse a través de persoal cualificado que dispoña de certificado dixital da clase 2 expedido pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre, para asinar dixitalmente os documentos de traslado xestionados pola contratista.

Terceiro.- Encoméndase á Sra. Concelleira Delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras que, en virtude da delegación concedida pola Alcaldía por resolución de 5 de xullo de 2007 publicada no B.O.P. o 18 de decembro seguinte, comunique á Secretaría Xeral de Calidade Ambiental a representación conferida por este acordo, así como calquera modificación da mesma ou incluso a súa revogación.

31(650).-AMPLIAR O PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS “ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ALVAREZ” EN CATRO MESES. EXPTE. 921/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 27.05.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º.- Ampliar o prazo de execución das obras “Ordinarias de Urbanización da Rúa Manuel Álvarez” en catro meses, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 27 de setembro de 2011, non significando incremento algún sobre o importe de adxudicación da obra.

32(651).-PLAN MUSEÍSTICO DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS, ONDE SE RECOLLEN OS OBXECTIVOS XERAIS DO MUSEO, A SÚA MISIÓN E O SEU

MANDATO, REDACTADO POR TERCEIRA PERSOA PRODUCCIÓN E ACCIÓN CULTURAL, S.L. EXPTE. 1761/340.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Verbum, do 20.05.2011, conformado polo concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar o PLAN MUSEÍSTICO DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS onde se recollen os obxectivos xerais do museo, a súa misión e o seu mandato, redactado por Terceira Persoa Producción e Acción Cultural, S.L”.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

33(652).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E FARO DE VIGO SAU, SOBRE ACCIÓNS CULTURAI E PUBLICITARIAS, COA FINALIDADE DE FORTALECER A CIDADE COMO DESTINO TURÍSTICO, COMERCIAL, SOCIAL E MERCANTIL, ASÍ COMO APOIO AO R.C. CELTA NA SÚA LOITA POLO ASCENSO. EXPTE. 7579/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e RR.PP., do 22.03.11, conformado pola concelleira de Facenda, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 11.05.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 13.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. “Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Faro de Vigo SAU, sobre accións culturais e publicitarias destinadas a amosar os cambios e melloras nos últimos anos na cidade; así tamén como ao apoio ao R.C. Celta na súa loita polo ascenso”.
2. Autorizar o gasto segundo o expresado na cláusula 4ª a favor de Faro de Vigo SAU por unha contía de 150.000 euros con cargo á partida 912.0.227.99.02 “Convenios”: o pago a Faro de Vigo SAU realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades a realizar, presentada antes do día 15 de decembro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACION ALCALDIA DO CONCELLO DE VIGO E FARO DE VIGO S.A.U PARA CELEBRACIÓN ACTIVIDADES PROMOCIONAIS DA CIDADE E DE APOIO AO R.C. CELTA

Na cidade de Vigo, o de de dous mil once

Dunha parte D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, Alcalde do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei 2, CP 36202.

Doutra parte D JAIME ABELLA FERNANDEZ, Xerente de Faro de Vigo S.A.U., con CIF A-36.600.815. e enderezo social na rúa Uruguay 10 A da cidade de Vigo.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgamento deste convenio, e ao efecto

EXPOÑEN

Que Faro de Vigo S.A.U. Pretende involucrar a todos os vigueses na celebración de actividades culturais destinadas a poñer en valor os cambios e melloras realizadas na cidade; así como tamén amosar o seu apoio ao R.C. Celta de Vigo na súa loita polo ascenso.

A Alcaldía de Vigo, coñecedora deste Programa , desexa dar a maior importancia a estes eventos, colaborando nestas actividades.

As dúas partes recoñécense como axentes determinantes da oferta e desenvolvemento cultural da cidade, polo que consideran necesaria a coordinación e participación neste proxecto.

Deste xeito a Alcaldía do Concello de Vigo e Faro de Vigo S.A.U.

ACORDAN

PRIMEIRA.- O presente convenio subscríbese có obxectivo da colaboración da Alcaldía do Concello de Vigo con Faro de Vigo nas actividades culturais e de apoio ao R.C.Celta, que organiza esta entidade.

SEGUNDA.- Corresponderalle á Faro de Vigo S A U todo o referente á planificación e organización das actividades a desenvolver.

TERCEIRA.- Faro de Vigo S A U organizará a oportuna campaña de Prensa , publicidade e merchandasing en Faro de Vigo , Radio e TV a fin de dar a coñecer e facer chegar a toda a cidadanía as devanditas actividades.

A Alcaldía de Vigo figurará adecuadamente en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades , aparecendo expresamente có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador. Faro de Vigo achegará probas deste material con anterioridade á súa impresión para conformidade da Alcaldía e o do seu logotipo.

CUARTA.- O Concello de Vigo aportará a este Convenio a cantidade de 150.000 Euros en concepto de colaboración , con cargo a partida 912.0.227.99.02 (Convenios). O pago a Faro de Vigo SAU realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades a realizar, presentada antes do día 15 de decembro de 2011 e a achega dos xustificantes de pago a que se refire a seguinte cláusula..

QUINTA.-Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a Faro de Vigo SAU deberá achegar, ademais da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos dos gastos vencellados ao proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:

1. Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.
2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal.
3. Tamén serán admitidos aqueles gastos vencellados con este convenio que poidan ser xustificadas a través de documentos orixinais que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.
4. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio, e sen que sexa necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada neste convenio.
5. Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades obxecto deste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.

SEXTA.- O seguimento deste convenio realizarase por unha comisión mixta na que figurarán o concelleiro-delegado de Réxime Interior e o Xerente de Faro de Vigo SAU ou persoas nas que deleguen, así como un representante técnico de ambas entidades.

SÉPTIMA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2011. O incumprimento dos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención cunha antelación de 15 días.

OITAVA.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución deste convenio e o concelleiro delegado de Réxime Interior para adoptar as medidas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento,

En proba de conformidade asinan por triplicado exemplar e a un só efecto o presente convenio na data arriba indicada.

34(653).-MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 4.05.2011, PROPOÑENDO UN NOVO PLAN DE PAGAMENTOS EN RELACIÓN COA DÉBEDA DE MIRAFLORES VIGO S.A. 101776/140.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da concelleira de Economía e Facenda, do 26.05.11, a Xunta de Goberno Local acorda:

a) Deixar sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 4 de maio, expte: 101776/140 (punto 3 do orden do día), en todos e cada un dos apartados que figuraban na proposta feita pola concellería de Economía de Facenda de data 3 de maio de 2011.

b) Propoñer un novo plan de pagamentos tendo en conta a débeda cuantificada polos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo en unha contía de 10.726.287 euros.

Ano	Contía
2011	1.500.000,00
2012	1.500.000,00
2013	1.500.000,00
2014	1.500.000,00
2015	4.726.287,00
Total	10.726.287,00

c) Que pola Asesoría Xurídica comunique a nova proposta o Sr. Xuíz.

d) Unha vez que se formalice e no caso de que sexa aceptado o plan, procederá a tramitación dunha modificación orzamentaria coa finalidade de facer efectivo o mesmo.

35(654).-AUTORIZACIÓN A EL CORTE INGLES CONXUNTAMENTE COA DELEGACIÓN EN VIGO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 19.06.2011, A 6ª CARREIRA FEMENINA DE VIGO. EXPTE. 10550/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.05.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a *El Corte Inglés* conxuntamente coa Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro domingo **19 de xuño de 2011**, a **6º Carrera Femenina de Vigo** ” dita proba terá a saída dende El Corte Inglés ás 11.00 horas e percorrera as rúas de Gran Vía, Urzáiz, República Argentina, García Barbón, Isaac Peral ,

Areal, Oporto, Rosalia de Castro, Inés Pérez de Ceta, Concepción Areal, Xardíns de Elduayen e rematando fronte a piscina do Real Club Náutico”.

36(655).-AUTORIZACIÓN Á DELEGACIÓN EN VIGO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, A ORGANIZAR O VINDEIRO XOVES 23 DE XUÑO DE 2011, A “XXVIII CARREIRA NOTUCTA DE SAN XOAN”. EXPTE. 10548/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.05.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro xoves 23 de xuño de 2011, a “XXVIII Carreira Nocturna de San Xoan ” a proba terá un recorrido de 8 Km, tendo a súa saída dende a Praza do Rei, ás 21.15 horas, percorrendo as rúas de Camelias, Romil, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Bar Boo, Coruña, Tomás Alonso, Paulino Freire, Beiramar e rematando no Berbés.”

37(656).-AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA TEIS, A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 3.07.2011, O “XX GRAN PREMIO CICLISTA TEIS-XVII MEMORIAL PABLO MOREIRAS. EXPTE. 10546/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.05.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar ao Club Ciclista Teis a organizar o vindeiro domingo 3 de xullo de 2011, XX GRAN PREMIO CICLISTA TEIS- XVII MEMORIAL PABLO MOREIRAS”, dita proba comenará ás 09.00 horas cunha duración de 4 horas e percorrera polas rúas Sanjurjo Badía, Enrique Lorenzo, e Purificación Saavedra”

38(657).-TEXTO DA ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE CULTURA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ASIGNACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO 2010. EXPTE. 5567/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 11.04.11, conformado polo delegado da área de Patrimonio Histórico, e co informe do letrado asesor do 26.05.2011, concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o texto da addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Cultura e o Concello de Vigo para a asignación dunha subvención nominativa prevista nos orzamentos xerais do Estado 2010.

39(658).-CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN INTEGRAL DAS ACTUACIÓNS E ESPECTÁCULOS DAS FESTAS DE VERÁN 2011 NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 4040/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural, do 20.05.11, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 19.05.2011, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 25.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Autorizar a tramitación urxente do expediente de contratación do servizo de produción das actuacións e espectáculos que terán lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos con motivo das Festas de Verán 2011.

2º.- Aprobar o gasto de 164.000 euros (cento sesenta e catro mil euros) (IVE incluído) para a contratación do devandito servizo, que se imputarán á partida 3380.226.0906 (festas de Vigo) do vixente presuposto de Animación Sociocultural.

3º Aprobar o devandito expediente, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 2/05/2011 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 10/05/2011.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.”

40(659).-NOMEAMENTO INTERINO DE 3 AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS. EXPTE. 22076/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 27.05.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 30.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares administrativos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Recursos Humanos, Mobilidade e Seguridade, Museos e Estatística, contidas nos escritos de datas 9 de marzo, 15 de febreiro e 26 de maio de 2010.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral por un período máximo de seis meses, á D^a. MARIOLA NIETO RODRÍGUEZ, DNI 6.120.418-E, D. RAUL VILA RODRÍGUEZ, DNI. 53.183.361-R e D^a. RAQUEL PORTELA TEJERO, DNI. 36.094.388-M, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Autoriza-lo gasto por importe de 32.242,77€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Cuarto.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.

41(660).-AUTORIZACIÓNS DO REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO DOS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE D^a PILAR EGEA TORRON, D. ANTONIO BERNARDEZ DE DIOS E D^a ROSA M^a NUÑEZ FERNANDEZ. EXPTE. 22077/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 30.05.11, conformado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

“**PRIMEIRO.-** Autorizar o reingreso ao servizo activo con efectos económicos e administrativos do vindeiro 11/06/2011 do persoal eventual nomeado por Decreto de Alcaldía do 17/07/2007 que ten a condición de funcionario/a público municipal seguidamente relacionado:

D. Antonio Bernárdez de Dios, con nº de persoal 76.510, nunha praza de auxiliar de Administración Xeral asociada ao posto de traballo 540.04-Tesourería Municipal (código retributivo 138) da vixente Relación de Postos de Traballo Municipal.

Dª Rosa Mª Núñez Fernández, con nº de persoal 20.528, nunha praza de administrativa de Administración Xeral asociada ao posto código 400.06-Xerencia Municipal de Urbanismo (código retributivo 105) da vixente Relación de Postos de Traballo Municipal.

SEGUNDO.- Acordar a cesación da situación de excedencia forzosa na cal se atopa Dª Mª Pilar Egea Torrón, con nº de persoal 18.543, traballadora municipal, dispoñendo en consecuencia o reingreso á prestación do servizo nunha praza de técnico/a medio de relacións públicas, asociada ao posto de traballo código 413.03-Museo Municipal “Quiñones de León” (código retributivo 080) con efectos económicos e administrativos do próximo día 11/06/2011.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (negociado de Nóminas), Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e Planificación e Organización) aos efectos que procedan.”

42(661).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA UTE IMES-ESYCSA POLO MANTEMENTO DE TUNEIS E PASOS INFERIORES. EXPTE. 13819/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe dos servizos Electromecánicos, do 13.05.11, conformado polo concelleiro delegado da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva por importe total de 46.457,81 Euros, correspondente á facturación do mes de abril do ano 2011, con cargo

á partida orzamentaria “*Mantemento Túneis e Pasos Inferiores*” 1650.227.99.02, así como, recoñecer a obriga a favor da UTE Imes-Esycsa polo citado importe, por prestación do devandito servizo.

43(662).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.50 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.